

argos

CREANDO EQUIPOS EMPRENDEDORES 2015

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DETRÁS DUN GRAN PROXECTO HAI UN GRAN EQUIPO

ARGOS busca persoas dispostas a traballar en equipo, para acompañalos na construción do seu **ARGO**: un proxecto de negocio innovador, no que embarcarse na busca do seu futuro.

Unha iniciativa de:

AVTE / UNINOVA

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago

Facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Máis información:

Area de Valorización, Transferencia e Emprendemento

UNINOVA

Edificio Emprendia, Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

Tel. 881 815 593 / 881 815 596 / 881 815 576

argos@usc.es

<http://goo.gl/wDWIP>

@ArgosUSC

Inscripcións: Ata o 25 de setembro de 2015

Consultar bases en www.uninova.org ou en www.usc.es/avte

CONCELLO DE SANTIAGO

Concello de Lugo

igape

axencia galega de innovación

ga

galicia



Na mitoloxía grega **Argos** era un construtor de barcos. Un deles, o veleiro **Argo** foi usado por **Jasón** na busca da pel de ouro do carneiro alado **Crisomallo**. **Jasón** e a súa tripulación, os argonautas, conseguen sortear multitude de complexas probas ate facerse finalmente coa prezada pel de ouro.

O programa **ARGOS** busca persoas comprometidas, entusiastas, innovadoras e dispostas a traballar en equipo, para acompañalas na construción do seu **ARGO**: un proxecto de negocio innovador, no que embarcarse na busca do seu futuro.



Que che ofrecemos?

- ▮ Escoller un proxecto de futuro que che permita desfrutar co teu traballo.
- ▮ Acceso a carteira de resultados de investigación da USC (patentes, software, know-how, etc).
- ▮ Formar parte dun equipo no que cada un aporte os seus coñecementos, competencias e habilidades.
- ▮ Axuda e mentorización para “aprender facendo”.
- ▮ Un espazo de traballo para desenvolver o teu proxecto en equipo.

Quen pode participar

Os seguintes colectivos pertencentes á USC:

- ▮ Alumnos/as de posgrao, máster ou doutoramento.
- ▮ Egresados das últimas promocións.
- ▮ Colaboradores ou persoal integrado en grupos de investigación.
- ▮ Alumnos/as do último ano de licenciatura ou grao.

CREANDO EQUIPOS EMPRENDEDORES

argos



Constrúe o teu argo

Programa

Enrólate. Ata o 25 de setembro

Inscríbete no programa aportando un breve CV no que nos contes ademais da túa formación e experiencia, todas aquelas actividades extra-académicas que consideres salientables.

Facilitarémolche información *on line* sobre innovación en emprendemento.

Fase I

Sesións informativas e adestramento para o traballo en equipo

Os mércores do mes de outubro desenvolveranse as seguintes sesións formativas:

- ▮ Modelo CANVAS.
- ▮ Traballo en equipo.
- ▮ Elaboración dun plan de empresa.
- ▮ Presentacións eficaces.
- ▮ Xornada de adestramento en exterior (outdoor training).

Fase II

O teu ARGO. Construindo o equipo

Os participantes manifestarán as súas preferencias polas ideas e/ou resultados de investigación nos que lles gustaría traballar, que serán tidas en conta, na medida do posible, para a realización da proposta de asignación dos grupos de traballo.

Cada grupo deberá estar formado por 4-5 persoas e un dos seus integrantes deberá posuír coñecementos previos de xestión e administración de empresas.

Fase III

Constrúe o teu proxecto: aprender facendo

Os equipos, baixo a titorización de persoal experto asignado polo programa ARGOS, desenvolverán o seu plan de empresa que deberán entregar ao final desta etapa. Para isto contarán:

- ▮ Titorización individualizada por equipo.
- ▮ Axuda de expertos da USC nos diferentes ámbitos de coñecemento.
- ▮ Sesións formativas para aprender facendo.
- ▮ Visitas a empresas do entorno local.
- ▮ Espazos de traballo colaborativo (co-working) para os equipos.

Avaliación final e premios

Os plans de empresa serán presentados ante un Xurado formado por representantes da USC e das entidades colaboradoras para a súa valoración e outorgamento de ata **6.000€ en premios repartidos en dúas categorías:**

- ▮ **ARGOS SPIN**, ao que optarán os plans de empresa desenvolvidos a partir de algún dos resultados de investigación da USC.
- ▮ **ARGOS ENXEÑO**, no que competirán os plans xurdidos de ideas de negocio aportadas por algún dos participantes no programa.